



Concello de
CULLEREDO
www.culleredo.es

SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI) DAS FAMILIAS NUMEROSAS DO CONCELLO DE CULLEREDO

Solicitante

DNI / NIF

Enderezo

Código Postal

Teléfono

Correo electrónico

SOLICITA:

O recoñecemento do dereito á bonificación na cuota do Imposto sobre Bens Inmoables para o inmoable con referencia catastral , por tratarse dunha vivenda de carácter residencial destinada a vivenda habitual e na que figura como suxeito pasivo o que suscribe, que ostenta a condición de titular dunha familia numerosa.

A estes efectos declara:

- que a suma dos valores catastrais de todos os bens inmoables sitos no termo municipal de Culleredo, dos que é suxeito pasivo o titular da familia numerosa ou algún dos membros da mesma, non excede de 100.000 €. Os devanditos bens son os seguintes: (indicar as referencias catastrais, no caso de que haxa máis de un)
- -
 -
 -
 -
- que a renda da unidade familiar, tendo en conta o número de membros da mesma, ascende a €, e non excede dos límites que figuran no Ordenanza fiscal de aplicación. Considérase renda, a estes efectos, a suma das bases impositibles dos membros da unidade familiar que obteñen rendas suxeitas ao Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas.

E achega a seguinte documentación:

- Título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que constan os membros da unidade familiar que conviven no inmoable para o que se solicita bonificación.
- Última declaración do IRPF presentada polo titular da familia numerosa e, no seu caso, por cada un dos membros da unidade familiar que obteña rendas suxeitas ao referido imposto. No caso de non estar obrigados a presentar declaración da renda, achegarán certificado no que conste que non se presentou a mesma e copias compulsadas de nóminas, certificados de retencións ou calquera outro elemento que sirva para a determinación da renda.

Culleredo, de de

* Advírtese que a bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos seguintes períodos impositivos, achegando de novo a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención, antes do 31 de marzo do ano en que deba surtir efecto.

* A presentación desta solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios.

De acordo co Regulamento (EU) 2016/679, o Concello de Culleredo informa que tratará os datos coa máxima confidencialidade, coa exclusiva finalidade de xestionar o procedemento administrativo de referencia, sendo a base de lexitimación o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O abaixo asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e os documentos que se unen son certos. Os datos serán tratados de acordo ao establecido en Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na normativa que puidese aplicarse para a súa tramitación, realizándose aquelas cesións contempladas por lei ou aquelas consideradas como necesarias para os efectos oportunos.

Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, supresión e limitación do tratamento, así como o de portabilidade, que poderán ser exercidos, achegando en todo caso unha copia de documento acreditativo da súa identidade e concretando o dereito ou dereitos que desexa exercer, mediante unha comunicación dirixida ao Comité de Privacidade de Concello de Culleredo por algunha das dúas seguinte vías: (i) Mediante correo electrónico á dirección rgpd@culleredo.es; ou (ii) por carta a Rúa do Concello, 12 – 15189 - Culleredo.

SR. PRESIDENTE DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA